

Á CONSELLARÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALIZA

**C/C: Consellaría de Facenda, Delegación do Goberno de España en Galiza,
Federación Galega de Municipios e Provincias, Confederación
de Empresarios de Galicia**

Asunto: Convocatoria da folga xeral do día 14 de novembro de 2012

XESÚS ELADIO SEIXO FERNÁNDEZ, con NIF 32.402.822-P, en representación do sindicato CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG), do cal é secretario xeral, con domicilio para efectos de notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10; 15707 Santiago de Compostela; **EXPÓN:**

I. O día 26 de outubro de 2012, o Consello Confederal da CIG ratificou a decisión da Executiva Confederal de convocar unha folga xeral que afectará a todas as actividades desempeñadas polos traballadores e traballadoras de empresas privadas e polos empregados e empregadas do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza.

II. Mediante este escrito, e consoante ao disposto nos artigos 3 e 4 do Real Decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, a CIG procede a comunicar formalmente a decisión adoptada, coa indicación de que a folga afecta a empresas, administracións e organismos que prestan actividades e servizos esenciais para a comunidade.

III. A folga convocada terá lugar o día 14 de novembro de 2012, comezando ás 00:00 horas e rematando ás 24:00 horas, coas salvidades que se indican a continuación:

– Nas empresas, administracións e organismos que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que comece antes das 00.00 horas do día 14 de novembro, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 14 de novembro. Así mesmo, naquelas empresas que teñan unha única quenda de traballo que comece antes das 00.00 horas do día 14 de novembro, o paro iniciárase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 14 de novembro na hora en que conclúa a quenda.

– Durante a xornada do 13 de novembro de 2012, cesarán na súa actividade os traballadores e traballadoras de empresas privadas e os empregados e empregadas do sector público que presten servizos profesionais relacionados coa elaboración de produtos, servizos e abastecementos que haberán de ter efectos inmediatos ao día seguinte. Nestes supostos, a folga desenvolverase nos termos das convocatorias que se realicen para tales efectos.

– Para garantir a cobertura informativa, nas empresas do sector do xornalismo e medios de comunicación a folga terá lugar no período comprendido entre as 07:00 horas do día 13 de novembro de 2012 e as 24:00 horas do día 14 de novembro de 2012, correspondendo aos traballadores e traballadoras de cada centro de traballo a determinación do horario de folga dentro do período de referencia.

IV. O obxectivo da folga xeral é mostrar o rexeitamento da clase traballadora galega ás reformas en materia de lexislación laboral, políticas sociais e políticas económicas e orzamentarias.

a) Oposición á reforma da lexislación laboral, que provocou un retroceso sen precedentes nos dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no plano individual como no colectivo.

1. A reforma laboral iniciada co Real Decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes de reforma do mercado laboral, e consolidada coa Lei 3/2012, do 6 de xullo, do mesmo nome, causou graves danos ás trabes mestras do

Dereito do Traballo, ao introducir o despedimento libre e gratuito mediante o novo contrato de apoio aos emprendedores; ao outorgar ás empresas un poder case absoluto sobre as condicións laborais dos traballadores e traballadoras; ao dar luz verde ás empresas para extinguiren os contratos de traballo, pola triple vía de flexibilizar as causas obxectivas; ao debilitar o poder contractual colectivo dos traballadores e traballadoras mediante unha regresiva reforma da negociación colectiva.

Estas modificacións legais, que foron xustificadas polo Goberno como necesarias para crear emprego, produciron na práctica o efecto contrario. Após cinco meses de vixencia da reforma, a taxa de desemprego correspondente ao segundo semestre de 2012 atinxía unha alarmante cota do 24,65% da poboación activa. Ademais, a cobertura por desemprego só ampara o 67% das persoas desempregadas, trece puntos menos que hai só dous anos.

O drama social e económico do desemprego verase agravado, con certeza, pola decisión do Goberno de non prorrogar, nos casos de despedimentos por causas obxectivas, a reposición da prestación por desemprego consumida nas suspensións ou reducións de xornada que se produzan a partir do 1 de xaneiro de 2013.

2. A reforma operada polo Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, supuxo unha nova lesión dos dereitos dos empregados públicos, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, que vén a sumarse a anteriores agresións, como a redución salarial aprobada mediante o Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio.

O novo Real Decreto-lei suprime a paga extraordinaria de decembro de 2012; reduce as prestacións durante as situacións de incapacidade temporal e os días de libre disposición e permisos; consagra un unilateralismo case omnímodo do empregador público, privando de eficacia a negociación colectiva; e enfraquece a representación sindical perante as administracións públicas.

3. O Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, tamén castiga duramente o colectivo de persoas desempregadas, ao diminuír o importe da prestación contributiva; elevar de 52 a 55 anos a idade para acceder aos subsidio previo á xubilación; eliminar o subsidio especial para maiores de 45 anos cunha duración de seis meses; endurecer os requisitos de acceso á renda activa de inserción (RAI) e o de carencia de rendas para acceder a calquera dos subsidios; e reducir o dereito a prestación ou subsidio por desemprego para os traballadores e traballadoras con contratos a tempo parcial.

b) Oposición ás políticas antisociais, chamadas de austeridade, que poñen en perigo os fundamentos do Estado Social: educación, sanidade e servizos públicos.

1. O Goberno do Partido Popular baseou a súa política de consolidación orzamentaria nos recortes sociais, mediante unha enxurrada de medidas que están a arrasar os dereitos sociais da cidadanía. A Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012; o Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguranza das súas prestacións; o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas urxentes para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; e agora o Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013, son ilustrativos desta liña de actuación.

2. En materia educativa, os recortes ao ensino público ascenden xa a 4.000 millóns de euros e obrigan a prescindir de cerca de 50.000 docentes en todo o Estado. A isto hai que engadir o escandaloso aumento dos prezos públicos das universidades e a creación de novos prezos públicos para a matriculación na formación profesional. Este atentado á calidade da educación e á igualdade de oportunidades pretende agora consolidarse cunha nova reforma educativa partidista e segregadora. O anteproxecto de Lei orgánica de mellora da calidade educativa quere abrir o sistema escolar á lóxica mercantilista, para favorecer intereses privados, sen atender aos problemas reais da educación: falta de medios, saturación nas salas de aulas e abandono escolar. A reforma educativa do Partido Popular prescinde por completo da función de cohesión e integración social

da educación, desvaloriza a formación profesional, restrinxe a participación da comunidade educativa e despreza o traballo do profesorado.

3. En materia sanitaria, o Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, proclama unha falsa ineficiencia do sistema sanitario para xustificar a entrada da iniciativa privada e promover o dobre seguro sanitario. Con esta reforma, o dereito á asistencia sanitaria xa non é universal, senón que se vincula á condición de asegurado. As medidas do Partido Popular van impedir o acceso á tarxeta sanitaria dun importante número de inmigrantes que viven no noso país. A carteira de servizos fica dividida en tres niveis: o financiado, o que se realizará con «repagamento» –isto é, con achega económica do doente no momento de facer uso do servizo– e o que será exclusivamente de pagamento. Adoptados co pretexto da crise e a necesidade de aforro, os recortes en materia sanitaria supoñen un agravamento das desigualdades sociais que se paga con vidas humanas.

3. O sistema de protección das persoas en situación de dependencia está gravemente ferido antes de chegar a implantarse totalmente. O proxecto de orzamentos para 2013 implica unha redución de case 500 millóns de euros con respecto ao orzamento inicial para 2012, continuando a práctica de diminuír o número de persoas con dereito a seren atendidas. O proxecto marca como obxectivo atender só 850.000 persoas, cando actualmente hai máis dun millón que teñen recoñecido o dereito. Séguese así a trilla marcada polo Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo: reducir o universo de persoas protexidas; camiñar cara a un sistema mercantilizado, no cal a cobertura do dereito e a calidade da prestación dependerá da capacidade económica; e empurrar de novo as mulleres, particularmente as que teñen menos recursos, a asumiren a responsabilidade dos coidados.

c) Oposición ás medidas económicas e fiscais que están a agravar a crise, incrementando o desemprego, a pobreza e a exclusión social.

1. Transcorridos case cinco anos desde o comezo da crise, non cabe atribuír a súa ominosa persistencia ás causas que a provocaron. Alén do

derrubamento da economía da especulación, da cal son expoñentes as borbullas financeira e inmobiliaria, a rápida depauperación da economía obedece ás erróneas políticas de axuste drástico do déficit, que teñen como consecuencia o agravamento da recesión.

Estas políticas, que comezaron co goberno do PSOE e se profundizaron nos once meses de goberno do PP, tradúcense, como xa indicamos, en graves sacrificios para a maioría social –en forma de desmantelamento do Dereito do Traballo e do Estado Social– e nunha mansa compracencia cos intereses do capital e as grandes fortunas. Un exemplo paradigmático destas medidas regresivas é o aumento de impostos indirectos como o IVE –malia as reiteradas negativas do Goberno– e a tolerancia coas bolsas de fraude, ora na súa modalidade clandestina, ora na legalizada mediante escandalosas figuras como as SICAV ou a amnistía fiscal.

2. A finais de setembro, o Goberno central presentou o proxecto de Lei de orzamentos xerais para 2013, que supón un ataque sen precedentes ás capacidades produtivas e ao propio estado social. Partindo dun escenario económico pouco realista e desautorizado pola maioría dos analistas, non se recolle ningunha medida de estímulo á actividade económica e ao emprego e, polo contrario, redúcense as partidas necesarias para reactivar a economía a través do investimento produtivo e as políticas sociais (educación, sanidade, dependencia e servizos sociais). Son uns orzamentos que dan as costas ás necesidades da maioría da poboación e que só serven para aprofundar a crise, non para saír dela, O expoñente máis claro deste fracaso é o aumento dos xuros da débeda en 9.700 millóns de euros: as políticas de austeridade non só empobreceron o país, senón que nin sequera serviron para frear o custo do endebedamento externo, que foi o argumento que xustificou todos os recortes desde 2010.

3. En materia de desemprego, vaise producir un recorte de gasto do 6,3% respecto dos orzamentos anteriores, o que supón 1.800 millóns de euros menos, en boa parte como consecuencia das medidas adoptadas no Real Decreto-lei 20/2012. É a dramática constatación de que se recortan prestacións sociais precisamente no momento en que máis persoas teñen necesidade delas.

Mesmo aquelas partidas que parecen crecer en termos nominais, como a das pensións, presentan unha imaxe enganosa. En realidade, os pensionistas perderán poder adquisitivo durante 2013, como consecuencia dos aumentos de impostos, como o IVE; a suba de prezos de servizos básicos, como a electricidade; e o repagamento sanitario. Por outro lado, non parece que o Goberno vaia compensar os pensionistas da desviación de prezos de 2012, como manda a Lei xeral da Seguranza Social, o que supón de seu unha perda moito maior que o raquíptico incremento do 1% que para a partida das pensións se prevé en 2013.

4. Esta errónea política económica, animada pola troika que de facto nos goberna (BCE, FMI e Comisión Europea), insiste na estratexia suicida de asfixiar as posibilidades de recuperación económica, con graves consecuencias para a cohesión social e a convivencia democrática. Nestas condicións, é inevitábel un aumento da pobreza e da exclusión social, fenómenos ambos que inciden maioritariamente nas mulleres, os inmigrantes, a mocidade e a infancia.

V. En canto ás xestións realizadas para resolver as diferenzas, debemos indicar, con carácter xeral, que a CIG, na súa condición de sindicato máis representativo a nivel da Comunidade Autónoma de Galiza, participa nos órganos de participación institucional da Administración Xeral do Estado, achegando a súa lexítima visión nacionalista e de clase sobre o modelo de relacións laborais e protección social. Igualmente, todos os anos elabora e formula propostas no marco das consultas para a elaboración dos Planos Estatais de Acción para o Emprego que desde 1997 ten a obriga de presentar o Goberno español á Comisión Europea, con escasa receptividade por parte do Goberno.

VI. O Comité de Folga estará formado polas seguintes persoas:

- Xesús E. Seixo Fernández, NIF 32.402.822
- M. Anxo Garcia Torres, NIF 76.707.405
- Manuel Currás Meira, NIF 78.730.424
- Margarida Corral Sánchez, NIF 32.680.656

- Elvira Patiño Ogea, NIF 32.418.482
- Antonio López Rivera, NIF 32.327.087
- Ramiro Oubiña Parracho, NIF 35.547.950
- Antolín Alcántara Álvarez, NIF 36.017.515
- Xosé Francisco Miranda Vigo, NIF 36.019.488
- Francisco X. Cartelle Pérez, NIF
- Laura Bugallo Sánchez, NIF
- Anxo Pérez Carballo, NIF 34.937.131

Indícase como domicilio para efectos de comunicación o da sede central da CIG, rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10; 15707 Santiago de Compostela; teléfono 981 564 300, fax 981 571 082.

Este Comité de Folga delega expresamente nas estruturas sindicais e nos representantes dos traballadores e traballadoras que en cada caso se designen para os efectos de negociar servizos mínimos e outras cuestións operativas relacionadas co desenvolvemento da folga.

Para os efectos de constancia e comunicación preceptiva, asina a presente en representación da organización sindical convocante, en Santiago de Compostela, a trinta e un de outubro de dous mil e doce.

O secretario xeral da CIG,

Xesús E. Seixo Fernández